

## EMENDAS ÁS ORDENANZAS FISCAIS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO PARA O EXERCICIO 2024

Xabier Pérez Igrexas, **Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo**, ao abeiro do establecido no Regulamento Orgánico do Pleno e da restante normativa de aplicación, formula dentro do prazo establecido as seguintes

### *EMENDAS PARCIAIS*

á proposta de ordenanzas fiscais e prezos públicos do Concello de Vigo para o exercicio 2024:

#### **A TODAS AS ORDENANZAS FISCAIS:**

##### PRIMEIRA:

Non actualización, con carácter xeral, dos prezos e taxas mantendo conxeladas as fixadas nas ordenanzas fiscais en vigor no exercicio 2023, agás nos casos que sexan obxecto doutras emendas parciais específicas.

#### **ORDENANZA FISCAL XERAL (OF. 1)**

##### SEGUNDA:

ENGÁDEGO dun novo punto no artigo 41:

“Plan de Pago Personalizado:

Habílitase un Plan de Pago Personalizado para o aboamento dos impostos e taxas municipais, permitindo que calquera persoa física, pequenas e medias empresas e entidades sen ánimo de lucro, que o soliciten e non teñan débedas tributarias pendentes co Concello de Vigo, poidan facer o pagamento dos impostos e taxas municipais correspondentes a cada exercicio en até doce mensualidades, a través de domiciliación bancaria e sen que se lle aplique ningún tipo de recargo nin xuro de mora.

A solicitude de Plan de Pago Personalizado terá que realizarse no primeiro trimestre de cada exercicio.

O importe mínimo de cada pago fraccionado será de 10 euros, no caso de ser inferior reducirase o número de fraccionamentos até esa contía.

O impago de dous fraccionamentos, consecutivo ou alterno, provocará a finalización do Plan de Pago Personalizado e iniciárase a vía executiva para a reclamación da totalidade do importe restante.

O Concello informará da opción do Plan de Pago Personalizado en toda comunicación que remita aos seus posíbeis beneficiarios relativa a impostos ou taxas municipais, e publicitarase a través de medios e soportes de alcance público.”

### TERCEIRA:

SUBSTITUCIÓN do artigo 78, apartado f), polo seguinte texto:

“Se se presentan autoliquidacións, declaracións ou outros documentos con transcendencia tributaria por medios distintos aos electrónicos, informáticos e telemáticos cando exista obriga de facelo por ditos medios, a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 100 euros perante o primeiro incumprimento por parte do mesmo suxeito e de 250 euros no caso de reincidencia e posteriores.

Esta sanción quedará sen efecto, agás en suposto de reincidencia, no caso de poder acreditarse que a non presentación electrónica/telemática se debeu a incidencias técnicas nos soportes e servizos municipais habilitados ao efecto durante o prazo legal para a realización dese trámite”.

CUARTA:

ENGÁDEGO dunha disposición adicional transitoria:

“Atendendo as excepcionais circunstancias derivadas do contexto de crise, habilitarase a posibilidade de que o abono das taxas e tributos do mesmo poidan abonarse de maneira fraccionada até o primeiro semestre do exercicio seguinte sen que se lle aplique ningún tipo de recargo ou xuro, sempre que se acredite tanto por persoas físicas como xurídicas, ou entidades sen personalidade xurídica, unha merma nos seus ingresos no último exercicio”.

QUINTA:

Equiparación nos supostos de bonificación en todas as taxas e impostos municipais da condición de familia monoparental coa de familia numerosa.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (OF. 2)**

SEXTA:

Engadir un novo punto no artigo 5:

“Estarán exentos de pagar o imposto, así como as débedas contraídas polo impago deste en exercicios anteriores, os inmobles que tendo sido a súa vivenda habitual resultasen afectados por desafiuamento ou que para o evitar acordasen a súa dación en pagamento, así como aquelas persoas en situación de vulnerabilidade social grave ou en situación de exclusión.”

SÉTIMA:

Aplicar unha bonificación do 95% á Universidade de Vigo no IBI.

#### OITAVA:

Aplicar unha bonificación do 95% aos bens inmobles pertencentes a entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que se destinen a actividades de carácter social.

#### NOVENA:

Aplicar unha bonificación do 95% aos inmobles cuxo uso sexa cedido ao Concello de Vigo ou a calquera administración pública para se incorporar nun programa de vivenda social.

#### DÉCIMA:

Modificar o artigo 6.2 aumentando de 3 a 5 os períodos impositivos seguintes para a aplicación da bonificación do 50%.

#### UNDÉCIMA:

Modificar o artigo 6.3 para que a bonificación se aplique durante todo o tempo de vixencia acreditado da situación de familia numerosa, sen necesidade de solicitude anual e prevendo a autorización por parte das persoas beneficiarias de consulta dese dato con outras administracións.

#### DÉCIMO SEGUNDA:

Aplicar un recargo do 150% da cota do IBI, sen límite de valor catastral, como penalización a aqueles propietarios de soares urbanos consolidados que non cumpran co deber de edificar así como a aqueles outros que pola non conservación dos seus inmóbeis provoquen a súa declaración de ruína.

#### DÉCIMO TERCEIRA:

Elevar ao 95% o recargo previsto no artigo 8.6 para aqueles inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente.

#### DÉCIMO CUARTA:

Incorporar un novo apartado no artigo 8 para incluír un recargo do 25% para aqueles inmoables destinados a vivendas de uso turístico durante máis da metade do ano.

#### DÉCIMO QUINTA:

Manter a redacción vixente nas ordenanzas fiscais de 2023 no artigo 8.6 no relativo a que "Para a aplicación do presente recargo considerárase inmovible de uso residencial desocupado con carácter permanente, no exercicio a considerar, aquel que figure no padrón municipal de habitantes sen ningunha persoa inscrita durante os 8 últimos meses do exercicio.

Igualmente, considerárase desocupado con carácter permanente o inmovible cando, aínda que existira inscrición no padrón municipal de habitantes, durante os 8 últimos meses a media de consumo de auga fose inferior a 2,5 m<sup>3</sup>/mes."

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (OF.3)**

#### DÉCIMO SEXTA:

Aumentar a bonificación prevista no artigo 4.5 do 50 ao 95%.

#### DÉCIMO SÉTIMA:

Engádego dun novo punto no artigo 4.2, de aplicación de bonificacións do cento por cento:

"2.4 Os vehículos dos que o seu titular este en situación de vulnerabilidade social e/ou sexa persoa física perceptora dunha pensión non contributiva, Renda Activa de Inserción, RISGA, Ingreso Mínimo Vital ou renda de inserción equivalente. A bonificación só se poderá aplicar por un vehículo por persoa titular.

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (OF. 4)**

### DÉCIMO OITAVA:

Aplicar unha actualización xeral do 15% en todos os tipos tendo en conta que só están suxeitas ao pago deste imposto aquelas sociedades cuxa cifra de negocios neta sexa superior a un millón de euros anual.

### DÉCIMO NOVENA:

Aplicar un recargo do 95% no tipo impositivo de aplicación no caso das empresas dedicadas a actividades recreativas reguladas (salas de apostas, salas anexas de casino e análogos) e tamén á xestión/promoción de vivendas de uso turístico.

### VIXÉSIMA:

Excluír do dereito a exención previsto no artigo 5.c as empresas dedicadas a actividades recreativas reguladas (salas de apostas, salas anexas de casino e análogos) e tamén á xestión/promoción de vivendas de uso turístico.

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO E A XERENCIA DE URBANISMO A INSTANCIA DE PARTE (OF. 10)**

### VIXÉSIMO PRIMEIRA:

Estabelecer a exención das taxas a todas as persoas desempregadas ou en situación de vulnerabilidade social.

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS (OF.14)**

### VIXÉSIMO SEGUNDA:

Modificar o artigo 4.1.7 para fixar como beneficiarias/os desa bonificacións a "Persoas en situación de desemprego ininterrompidamente nos últimos 12 meses ou por un mínimo de 6 meses, non consecutivos, nos últimos 12"

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO (OF. 16)**

### VIXÉSIMO TERCEIRA:

Artigo 4, 1.8: "No caso de persoas en situación de "dependencia en calquera dos seus tres grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50." engadir "e de discapacidade superior ao 65%".

### VIXÉSIMO CUARTA:

Aplicar consecuentemente a modificación anterior aos artigos 1.9 e 1.10

### VIXÉSIMO QUINTA:

Bonificar nun 10% a taxa pola recollida do lixo de todos aqueles locais comerciais cunha superficie inferior a 50 metros cadrados e nun 5% aos de entre 51 e 100 metros cadrados de superficie.

### VIXÉSIMO SEXTA:

Bonificar nun 95% a taxa pola recollida do lixo de todos aqueles locais sociais de entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

#### VIXÉSIMO SÉTIMA:

Redución do 30% na taxa para aquelas persoas ou actividades que teñan alternativas de compostaxe para a fracción orgánica. Esta bonificación estará dirixida a aqueles suxeitos pasivos aos que non se recolla a fracción orgánica dos seus residuos domiciliarios, por desenvolveren compostaxe doméstica ou nalgunha fórmula comunitaria. Serán os servizos técnicos municipais os que confeccionarán o censo e controis necesarios.

#### VIXÉSIMO OITAVA:

Establecer a exención de pagamento da taxa de lixo correspondente a vivendas que sexan utilizadas como residencia habitual da persoa solicitante no caso de que esta estea en situación de vulnerabilidade social e/ou sexa beneficiaria de pensións non contributivas, a RISGA, o Ingreso Mínimo Vital, ou de calquera renda de inserción social ou subsidio público de análogas características.

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE (18)**

#### VIXÉSIMO NOVENA:

Exención da taxa de análise de potabilidade naquelas zonas nas que non exista rede municipal de abastecemento.

#### TRIXÉSIMA:

Bonificación dun 50% na taxa de control de plagas para os locais sociais de entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

#### TRIXÉSIMO PRIMEIRA:

Substituír o punto e) do artigo 4 polo seguinte:

“E) LICENZA E INSCRICIÓN DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS



Licenza: Gratuíta.  
Insrición: Gratuíta.”

## **TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE BALEIRADO DE POZOS NEGROS, FOSAS SÉPTICAS, SOLARES E SERVIZOS SIMILARES ASÍ COMO A RECEPCIÓN DE VERTIDOS NON CANALIZADOS NA EDAR (OF. 20)**

### TRIXÉSIMO SEGUNDA:

Substituír o punto 5 do artigo 4 polo seguinte:

“5. Recollida de animais mortos.

Por unha unidade 30 €

Por dúas unidades no mesmo transporte 50 €

Estará exenta desta taxa a recollida de animais mortos cando a mesma se produza en clínicas veterinarias dentro do termo municipal.”

## **TAXA POR APROVEITAMENTO DA VÍA PÚBLICA (OF. 30)**

### TRIXÉSIMO TERCEIRA:

Aplicar un aumento do 100% en todas as categorías da tarifa A.3 que grava a caixeiros automáticos adosados a edificios en que a súa utilización implique un aproveitamento especial de vía pública.

## **ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS (OF. 40)**

### TRIXÉSIMO CUARTA:

Estabelecer a exención das taxas para o alumnado das familias con ingresos anuais per cápita inferiores a un terzo do Salario Mínimo Interprofesional e que sexan titulares de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residan, con valores catastrais por baixo dun total de 60.000,00€.

#### TRIXÉSIMO QUINTA:

Estabelecer unha bonificación do 50% nas taxas para o alumnado das familias con ingresos anuais per cápita inferiores á metade do Salario Mínimo Interprofesional e que sexan titulares de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residan, con valores catastrais por baixo dun total de 60.000,00€.

#### TRIXÉSIMO SEXTA:

Modificar o artigo 3.e para fixar como beneficiarias/os desa bonificacións a “Persoas en situación de desemprego ininterrompidamente nos últimos 12 meses ou por un mínimo de 6 meses, non consecutivos, nos últimos 12”

#### TRIXÉSIMO SÉTIMA:

Modificar o artigo 3.d, no seu segundo párrafo, polo seguinte: “Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os/as fillos/as teñan acreditada situación de discapacidade, invalidez, orfandade e similares”

### **ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS, ALUGUER DE INSTALACIÓNS PARA ESTES E PARTICIPACIÓN NOUTRAS ACTIVIDADES OU PROGRAMAS (OF. 42)**

#### TRIXÉSIMO OITAVA:

Modificar o artigo 3 elevando do 30 ao 50% a redución de prezos no caso dos abonos.

### **ENTRADA AO VERBUM (OF. 43)**

#### TRIXÉSIMO NOVENA:

Aplicar a gratuidade a persoas xubiladas, pensionistas, desempregadas e discapacitadas, así como aos menores de 14 anos ao seu cargo (pais/nais/titores legais).

## **TAXAS PARA CONSTRUCCIÓN, OBRAS, INSTALACIÓNS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS (OF. 50)**

### CUADRAXÉSIMA:

Modificación do artigo 5.6 para que a cualificación de proxecto empresarial de interese municipal, ao obxecto percibir bonificación, sexa acorda polo Pleno da corporación a proposta da Xunta de Goberno.

### CUADRAXÉSIMO PRIMEIRA:

Aplicación dunha bonificación do 25% en todas as taxas para os suxeitos pasivos que sexan persoas físicas menores de 35 anos de idade e con ingresos brutos anuais inferiores ao duplo do Salario Mínimo Interprofesional.

### CUADRAXÉSIMO SEGUNDA:

Aplicación dunha bonificación do 25% en todas as taxas para os suxeitos pasivos que sexan persoas físicas menores de 35 anos de idade e con ingresos brutos anuais inferiores ao duplo do Salario Mínimo Interprofesional.

## **TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS (OF. 51)**

### CUADRAXÉSIMO TERCEIRA:

Redución nun 10% das taxas aplicábeis aos locais cunha superficie de ata 500 m<sup>2</sup> e aumento do 10% aos locais cunha superficie de máis de 501 m<sup>2</sup>

### CUADRAXÉSIMO CUARTA:

Modificación do artigo 6 para que a cualificación de proxecto empresarial de interese municipal, ao obxecto percibir bonificación, sexa acorda polo Pleno da corporación a proposta da Xunta de Goberno.

#### CUADRAXÉSIMO QUINTA:

Aplicación dun recargo do 95% na taxa de aplicación no caso das empresas dedicadas a actividades recreativas reguladas (salas de apostas, salas anexas de casino e análogos) e as dedicadas á xestión/promoción de vivendas de uso turístico.

### **UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (OF. 52)**

#### CUADRAXÉSIMO SEXTA:

Estabelecer a exención das taxas para o alumnado das familias con ingresos anuais per cápita inferiores a un terzo do Salario Mínimo Interprofesional e que sexan titulares de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residan, con valores catastrais por baixo dun total de 60.000€.

#### CUADRAXÉSIMO SÉTIMA:

Estabelecer unha bonificación do 50% nas taxas para o alumnado das familias con ingresos anuais per cápita inferiores á metade do Salario Mínimo Interprofesional e que sexan titulares de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residan, con valores catastrais por baixo dun total de 60.000€.

#### CUADRAXÉSIMO OITAVA:

Estabelecer a gratuidade na utilización das instalacións, en todos os supostos, para as entidades con contratos e/ou convenios de tempada.

#### CUADRAXÉSIMO NOVENA:

Modificar o artigo 12 aumentando a bonificación dos prezos dos cursos para as persoas usuarias abonadas as piscinas do 20 ao 50%.

#### QUINCUAXÉSIMA:

Permitir o fraccionamento do pago anual das escoas deportivas en 2 cuatrimestres.

#### QUINCUAXÉSIMO PRIMEIRA:

Exención da taxa por renovación de carnet para persoas discapacitadas, desempregadas e/ou en situación de vulnerabilidade social.

#### QUINCUAXÉSIMO SEGUNDA:

Modificar o artigo 5.b.3 para fixar como beneficiarias/os desa bonificacións a "Persoas en situación de desemprego ininterrompidamente nos últimos 12 meses ou por un mínimo de 6 meses, non consecutivos, nos últimos 12"

### **ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTÁBEL, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS (OF. 60)**

#### QUINCUAXÉSIMO TERCEIRA:

Estabelecemento dunha bonificación por consumo eficiente, para uso doméstico, dun 20% de todas as tarifas da presente ordenanza para aqueles consumos que en media mensual se sitúen por debaixo dos 3 metros cúbicos de auga por persoa e mes, computando todas as persoas efectivamente residentes no domicilio.

#### QUINCUAXÉSIMO CUARTA:

Estabelecemento dunha exención para todas as persoas titulares que sexan perceptoras dunha pensión non contributiva, Renta Activa de Inserción, RISGA, Ingreso Mínimo Vital ou renda de inserción equivalente, e que existiren consumos que en media mensual se sitúen por debaixo dos 3 metros cúbicos de auga por persoa e mes.

#### QUINCUAXÉSIMO QUINTA:

Engadir unha disposición adicional:

“Constituírase, no primeiro trimestre do ano 2024, un grupo de traballo específico no seo da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda do Pleno, aberto á participación tanto do tecido asociativo como de persoas expertas, para a definición dun novo modelo integral da xestión da auga en Vigo e o sistema tarifario que rexerá o seu servizo de abastecemento, saneamento e depuración. As súas conclusións serán trasladadas á Xunta de Goberno Local para a súa consideración de cara ao inicio do expediente de modificación e actualización das ordenanzas fiscais para o exercicio 2025.”

#### **ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS (OF. 61)**

#### QUINCUAXÉSIMO SEXTA:

Ampliar de 6 a 12 horas os períodos temporais previstos nas tarifas recollidas no artigo 5,

#### QUINCUAXÉSIMO SÉTIMA:

Aumentar a redución, prevista no artigo 5, dun 50% a un 75% a cota de enganche.

#### **ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO POLO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS NA VIA PÚBLICA MEDIANTE MAQUINAS EXPENDEDORAS DE TICKETS NA CIDADE DE VIGO (OF. 62)**

QUINCUAXÉSIMO OITAVA:

Modificar o período temporal para o postpago previsto nos artigos 4.4 e 4.5 pasando de un máximo de 1 hora a un máximo de 2 horas.

**TARIFA DO BILLETE DO TRANSPORTE URBANO**

QUINCUAXÉSIMO NOVENA:

Conxelación do prezo do billete ordinario e dos bonos nos importes que rixan a 31 de decembro de 2023.

SEXAXÉSIMA:

Redución dos bonos estudante e social para os equiparar co bono universitario.

SEXAXÉSIMO PRIMEIRA:

Creación dun novo bono social II gratuíto para persoas desempregadas de longa duración, persoas perceptoras de pensións non contributivas e/ou sen pensión, e beneficiarias da RISGA, do Ingreso Mínimo Vital ou doutras axudas análogas.

En Vigo a 8 de setembro 2023 .

Asdo.:



**SR. ALCALDE-PRESIDENTE,  
EXCMO. CONCELLO DE VIGO**